

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APERTURA PRAZO PREINSCRICIÓN PAI

**EXPEDIENTE:**2020/G003/000214 (EN RELACIÓN CON EXPDTE 2020/X999/000045)

**ANTECEDENTES:**

O RD 537/2020, de 22 de maio, polo que se prorroga o Estado de Alarma declarado por RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no se artigo 9 establece que con efectos dende o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos suspendidos reanudaránse ou se reiniciarán.

O artigo 10 do regulamento de funcionamento e organización do Punto de Atención á Infancia do Concello de Cariño, publicado no BOP nº 25, de 06/02/2017, establece: as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) e presentaránse no rexistro xeral do Concello ou pola sede electrónica municipal, en horario de atención ao público, dentro do prazo establecido para tal efecto, que será publicado na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios electrónico e no taboleiro de anuncios do PAI.

Considerando que este Concello vai proceder á apertura do prazo de preinscrición e renovación para o curso escolar 2020-2021 para o Punto de Atención á Infancia.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Proceder á apertura do prazo dende o 3 de xuño ata o 23 de xuño de 2020, ámbolos dous incluídos, para a preinscrición e renovación de matrícula para o curso escolar 2020-2021 do Punto de Atención á Infancia.

**SEGUNDO:** De conformidade co artigo 11.2 do regulamento, as solicitudes de novo ingreso realizaránse no modelo oficial (Anexo I) debidamente asinado, acompañado da seguinte documentación:

2.-Documentación xustificativa da situación familiar:

\*Libro de familia.

\*DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

\*Certificado de empadramento (no caso de non estar censado no Concello de Cariño,

---

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)  
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)  
[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)

pero algún dos proxenitores ou representante legal teñan os seus postos de traballo no municipio, achegarásese certificado de empresa ou da institución correspondente,; no caso de estar censado nun concello limítrofe, presentarásese certificado de empadramento en dito Concello).

3.- Documentación xustificativa da situación económica:

\*declaración da renda ou certificado de exención.

\*En caso de desemprego, certificación do INEM, que acredite a situación de desemprego e a percepción ou non de prestación.

4.- Documentación complementaria:

\*Título de familia numerosa, se é o caso.

\*Informe de servizos sociais, non supostos nos que sexa necesario, por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial na que vive a unidade familiar.

\*No caso de nenos/as con necesidades educativas especiais NEE, informe de organismo competente no que se indique o grao de minusvalía así como a necesidade de integración.

**TERCEIRO:** Publicar a presente resolución na páxina web municipal, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello e no taboleiro de anuncios do PAI.

En Concello de Cariño, 1 de xuño de 2020

O Alcalde

José Miguel Alonso Pumar

---

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)  
Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - [concello@concellodecarino.gal](mailto:concello@concellodecarino.gal)  
[www.concellodecarino.gal](http://www.concellodecarino.gal) – [www.visitacarino.gal](http://www.visitacarino.gal)